

## **Prevención e actuación de posibles comportamentos disruptivos na aula**

Por disrupción, que pode considerarse parte da indisciplina, entendemos os comportamentos que impiden levar o ritmo da clase, que obstaculizan o labor académico e poden chegar a interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Non obstante, no problema da disrupción, existe unha gran subxectividade, algúns comportamentos que son considerados disruptivos para algúns docentes, non o son para outros. Así, consideramos que para a análise da indisciplina debería partir a reflexión e descrición dos comportamentos que son considerados como indisciplinados, as normas existentes, a forma en que estas se deciden e se explicitan, a quen van dirixidas, o sistema de sancións e o sistema de seguimento e control.

Así, a análise das causas que provocan comportamentos indisciplinados pode facerse dende dúas perspectivas: por un lado os que localizan as causas nas características ou circunstancias individuais do estudante concreto; e, por outro lado os que atribúen as causas á complexa dinámica de relacións e actitudes de todos os membros da comunidade educativa.

### 1. Comportamentos disruptivos

A modo de exemplo, podería entenderse por estes comportamentos non adecuados:

- facer ruídos corporais (risas, toses, eructos, silbidos, gritos, ecos, ...)
- facer ruídos con obxectos (golpear a mesa, tirar cousas, tamborilear co lapis, facer soar alarmas,...)
- erguerse constantemente do sitio
- deambular pola clase
- interromper constantemente o ritmo da clase con preguntas
- saír e entrar de clase sen permiso
- proferir insultos
- dicir palabrotas, frases soeces
- burlas
- quitar cousas
- ameazas
- agresións
- estropear (pintar, escribir, romper) os materiais dos compañeiros/as
- estropear (pintar, escribir, romper) os materiais comúns
- negarse a facer o que di o docente
- desafíos
- ameazas...

Coma sinalábase anteriormente, ao analizar a disrupción nunha aula determinada, o equipo docente debe poñerse de acordo en que comportamentos considera disruptivos e reflexionar sobre os aspectos imprescindibles do proceso

ensinanza-aprendizaxe, ser autocríticos co que quizais se esixe sen ser indispensable e a frecuencia e intensidade tolerable na disrupción.

## 2. Factores que inflúen nos comportamentos disruptivos

Recomendamos como imprescindible para abordar calquera conduta disruptiva a calma e a planificación.

### 2.1. Actitude do docente

Unha das claves para abordar a disrupción está na consistencia do profesorado no establecemento de normas e a administración das "sancións", que chamaremos máis axeitadamente consecuencias naturais das accións.

Unha opción como resposta á disrupción sería que os docentes non mostren sobreñado nin confusión, pero que tampouco ignoren a proba á que están a ser sometidos, e respondan de forma serena e asertiva a esta.

Ante a disrupción, é aconsellable non se centrar nela, senón FORMULAR ALTERNATIVAS CENTRANDO a atención NA TAREFA.

O docente eficaz, ante a disrupción, aténdea (non a evita), pero non reacciona de forma desproporcionada. Evita que o conflito "escale" e se agrande.

Como norma xeral, o docente debe intentar non se alterar, non interpretar os comportamentos disruptivos como agresións á súa persoa. Non debe chegar ao descontrol.

Se os comportamentos non fan imposible seguir co proceso de ensino-aprendizaxe, débense ignorar. En cambio ante incumprimento de normas non se debe facer caso omiso, porque se daría a entender que as normas a veces se poden incumprir, co que restaríamos consistencia á normativa.

A conduta do docente ten que ter consistencia e predictibilidade, así o docente vaise facendo "fiable" para os estudantes. É importante ser sistemático/a coas normas, avaliación diaria, prazos de entrega de traballos, etc.

- As expectativas e predisposición do docente cara aos estudantes (efecto Pigmalión) xogan un papel importante nos comportamentos do alumnado: os estudantes intentan responder ás expectativas do profesorado, tanto se son positivas, como negativas. De aí que o profesorado deba evitar "etiquetas" ou "xeneralizacións excesivas" (es un vago/a", "sempre estás a facer o pallaso", "nunca rematas as tarefas"...), substituíndoas por descricións das condutas ("non trouxeches os dous últimos traballos", deixa agora as bromas e empeza co traballo, "esta tarefa está sen terminar"...) )

- Por outra banda, non se debe mostrar unha actitude de prepotencia: o docente debe ser capaz de pedir perdón polas tardanzas, equivocacións, recoñecer que a autoridade non é invulnerable ante o erro.

## 2.2. Normativa

É importante que as normas básicas de comportamento estean claras así como as normas legais dentro da aula.

A normativa debe traballarse de forma periódica e facerse explícita e presente nas aulas. É importante tamén revisar as normas, a súa utilidade e o seu cumprimento.

## 3. Prevención dos comportamentos disruptivos

### Aptitudes preventivas ao comezar a clase:

- Saudar
- Ocupar un lugar central, facer comentarios precisos, moito contacto visual (mirar aos ollos)
- Mostrarse relaxado/a e con confianza
- Usar nomes propios
- Utilizar o “nós”

### Aptitudes preventivas ao empezar a tarefa:

- Empezar con certo vigor, ilusión
- Mostrar como os contidos do día teñen algo que ver co que xa saben e, se é posible, con algo curioso ou de certo interese para eles/elas.
- Clarificar a tarefa con precisión. Si o traballo é por parellas ou en grupos, axudar a distribuír a tarefa entre os diferentes membros, dando instrucións ou pautas específicas...

### Aptitudes preventivas durante a realización da tarefa:

- Organizar e planificar movementos (quen, que, por que, onde, cando), dar avisos de cambios, recordar as normas...
- Incluír variedade de actividades: mirar, escoitar, falar, escribir,... e de situacións: en parellas, en grupos...
- Valorar as contribucións inesperadas, incorporalas se se pode.
- Evitar que un grupo ou unha persoa monopolice a atención.
- Manter unha supervisión continua, demostrar que non se escapa nada: aconsellar, anotar, organizar, reprender, ler e escoitar o máis simultaneamente posible.
- Manter sempre un ritmo de traballo, cambiar de actividades sen sobresaltos (as transicións traen moita disrupción), non deixar "tempos mortos". Non deixar unha actividade e retomala abruptamente despois de comezar outra.
- Non interromper o fluír da clase innecesariamente, deixar para o final os avisos, noticias, advertencias,... non relacionadas co traballo que se está a facer.
- Regularmente poñer notas, afagar, motivar, dar retroalimentación de atención individualizada próxima.

- Ser consciente do espazo: ocupar diferentes espazos ao longo da sesión: diante, entre os pupitres, ao final ou movéndose para ver tarefas dos estudante.

#### Actitudes preventivas ao recoller e saír:

- Preparar e organizar o final da clase: calcular o tempo, de forma que queden un espazo para concluír axeitadamente a sesión.
- Resumir o que se fixo e conectalo cos plans para o futuro.
- Facer a previsión do que necesitarán para a próxima sesión: tarefas, materiais,...
- A saída permite manter unha breves palabras con aquel/ás que non colaborasen.
- Unha saída tranquila cun docente sorrinte e relaxado/a minimiza problemas e é un prelude favorable para o seguinte encontro.

#### 4. Resposta aos comportamentos disruptivos

- Ignorar na medida do posible os comportamentos pouco problemáticos (efecto "extinción"), para non interromper continuamente o ritmo da clase. Mellor volver centrar a atención deseguida na tarefa, no que se está a facer, e/ou nas normas (nos dereitos), non nos individuos.
- Se hai que chamar á orde, utilizar tanto recursos non verbais (mirar ao que interrompe, achegarse e tocarlle a mesa, tomar nota mirando ao que fala...), coma verbais (citar o nome do que está a falar ou distraído/a...).
- Ter en conta a hipotética causa que motiva o comportamento do estudante disruptivo/a. Moitos dos estudantes disruptivos/ás só queren atención. A atención ao estudante disruptivo/a non se lle debe dar cando está "disruptivo" senón cando está "ben". Por iso é conveniente illar estes estudantes das situacións que os reforcen (por exemplo cambiándoos de sitio) e cesar o illamento cando cese a súa conduta negativa (sen comentar o conflito).
- Non entrar no xogo de poder dos estudantes disruptivos/ás. Convén non "escalar" o conflito, impoñer a autoridade con asertividade (recorrendo aos dereitos dos demais, ás normas, á tarefa...) e quedar para falar con el/ela persoalmente despois da clase. Recordar que as reprimendas en privado (final da clase...) a miúdo son moito máis eficaces que as chamadas de atención en público.
- Non esquecer ao resto da clase cando se está a atender ao estudante con mal comportamento. Moitas veces iso é o que pretende.
- Os comentarios correctores han de referirse a algún/a ou algúns estudantes en concreto (non a todos á vez!), ser curtos e directos, referirse ás "accións" (non aos "actores"), e dando razóns dirixidas á tarefa e/ou ás normas para mostrar desacordo.
- Non facer consideracións persoais (criticar comportamentos concretos e non á persoa na súa totalidade). Intentar non se referir a incidentes anteriores e non facer comparacións.
- Reprender con firmeza e tranquilidade.
- Como comentabamos antes, intentar non falar de "castigos", senón das "consecuencias naturais das accións. Valorar as achegas do propio estudante no referente á súa propia sanción.

- Se se produce unha confrontación, intentar manter un ton de voz medio, os brazos pegados ao corpo, unha postura relaxada e non sinalar co dedo.
- Evitar no posible a sanción colectiva dunha clase ou un grupo.
- Se hai que expulsar, buscar unhas condicións concretas e posibles para a volta do estudante.